

PLAN ANUAL DE LECTURA CURSO 2021/2022

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

INTRODUCCIÓN:

A adquisición dun axeitado hábito lector é unha ferramenta fundamental para acadar o éxito escolar, posto que moitas das aprendizaxes adquirense coprendendo e asimilando textos escritos, ademais de que se fomenta a creatividade.

A contribución do hábito lector ao desenvolvemento e adquisición das competencias básicas é vinculante, dado que a lectura posibilita o avance global das mesmas, en especial a competencia en comunicación lingüística, a competencia de tratamento da información e a competencia dixital e, de forma directa, redonda no desenvolvemento das competencias de aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal, acadando un alumnado capaz de autoxestionarse e avanzar no seu propio coñecemento.

Este plan pretende ser un proxecto que unifique actividades e obxectivos tendentes a acadar que a lectura e o libro ocupen un lugar importante na actividade escolar e extraescolar. Para iso, tentaremos facilitar e posibilitar unhas condicións mínimas que favorezan o encontro entre o libro e o alumnado.

Todo isto supón, por unha banda, a implicación na medida do posible da totalidade da Comunidade Educativa: Claustro e equipos docentes, equipo de dinamización de biblioteca do centro, tirorías, familias e os diferentes recursos da propia comunidade.

Tendo como referente a actual lexislación educativa, coidada no decreto 105/2014 de 4 de setembro, desenvólvese o seguinte plan de lectura anual para o presente curso escolar 2019-2020, proposta de todas aquelas actuacións que se proxecta por en práctica, tendo como referente un marco máis amplo, neste caso, o Proxecto Lector de Centro, que será a guía que, a longo prazo, establecerá as actuacións referidas á lectura, á escritura e ás actividades informativas.

OBXECTIVOS XERAIS:

Os obxectivos xerais que se propoñen son os seguintes:

- Fomentar no alumnado o interese pola lectura, potenciando a formación de lectores/as competentes.

- Potenciar a comprensión lectora dende tódalas áreas do currículo.
- Desenvolver a capacidade lectora como medio para a adquisición do hábito lector.
- Descubrir a lectura como medio de ocio e goce persoal.
- Trasladar ao ámbito extraescolar e familiar o interese pola lectura, así como fomentar a participación das familias na actividade lectora.
- Utilizar medios informáticos e audiovisuais como un recurso máis para a xestión e busca de información.
- Potenciar o uso da biblioteca, tanto de aula como escolar, como recursos para o ocio e tamén para a construción de novos coñecementos.

Dende estes obxectivos e coas destrezas e habilidades propias de cada unha das competencias básicas, establécense os seguintes obxectivos específicos, que determinarán de forma progresiva actuacións no centro escolar, sendo adquiridas como rutinas e hábitos propios deo día a día na escola.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Impulsar progresivamente o gusto pola lectura a través dunha selección de textos que se consideren oportunos para os intereses e os coñecementos do alumnado.
- Desenvolver en cada nivel, de xeito gradual, estratexias que aseguren a lectura comprensiva, eficaz e fluída aplicadas ás distintas áreas de coñecemento.
- Afondar no dominio da lingua, para que o alumnado sexa capaz de planificar actividades e de transmitir mensaxes claros e coherentes.
- Exercitar a lectura expresiva utilizando o ritmo, a entoación e a pronunciación axeitada.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.
- Sentar as bases para un achegamento persoal á lectura.
- Espertar a sensibilidade, a imaxinación e a creatividade mediante a lectura.
- Relacionar a lectura e a vida cotiá facendo partícipes ás familias para que o alumnado sinta o desexo e a motivación de ler.
- Favorecer o uso continuo e autónomo da biblioteca para que o alumnado se familiarice coas súas normas de uso e os seus fondos, e a considere un espazo de aprendizaxe e goce.
- Sentir a necesidade de ler como un acto de pracer, non como unha continuación das tarefas escolares.
- Incluír as dinámicas lectoras en pequenos proxectos e actuacións, tanto dentro como fóra da escola.

CONCEPCIÓNS PREVIAS AO DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES LECTORAS AO LONGOS DOS CURSOS.

É conveniente, na elección das lecturas, ter en conta os temas e as características dos textos preferidos polo alumnado segundo as súas idades.

Nos primeiros niveis, deben ter profusión de imaxes para asegurar a comprensión lectora e favorecer a adquisición de vocabulario. Os textos inscritos en espazos familiares, con presenza de ingredientes fantásticos e desenlaces felices e/ou inesperados. Os personaxes infantís ou de animais personificados son os mellores para favorecer a identificación lectora e os temas centrados nas emocións, a afectividade e as relacións humanas e interpersoais os que máis abundan.

En sucesivos niveis a importancia das imaxes irá diminuindo, posto que se irá pretendendo acadar unha comprensión lectora baseada nunha imaxinación abstractiva da lectura. Os universos marabíllsos e os contos fantásticos do folclore popular enmarcados en espazos naturais, con protagonistas infantís e animais poden ser os principais nunha etapa intermedia, para favorecer a identificación do alumno cos personaxes. Xunto á ficción fantástica cómpre ir introducindo textos de corte realista e social progresivamente, cun interese crecente polas relacións das persoas co seu entorno. Convén ir espertando a curiosidade polo humor, o misterio e a ciencia-ficción, xéneros que resultan moi atractivos no lector infantil e xuvenil.

En niveis máis elevados as imaxes perderán xa o seu papel fundamental de reclamo en favor do texto. Os mundos fantásticos aínda chaman a atención, pero é necesario tender á diversificación, introducindo mitos, aventuras, exploracións, intrigas detectivescas, denuncia social, parodia e humor. Os protagonistas dunha idade semellante á dos lectores pode encarnar as súas preocupacións, problemas e vivencias.

ACCIÓNS E ACTIVIDADES PROPOSTAS:

Actividades dirixidas ó fomento do interese pola lectura e desenvolvemento da comprensión lectora por niveis e nas distintas áreas curriculares:

Neste apartado faremos un percorrido por diversas actividades tipo nos distintos niveis educativos, aínda que se levarán a cabo actividades nas que estea implicado todo o centro, dinamizados polo equipo da biblioteca escolar. Na etapa de primaria é onde o alumnado debe comezar a utilizar as habilidades lecto-escritoras para adquirir os contidos e coñecementos propios de cada nivel. Na etapa de infantil tamén é preciso realizalas para motivalos e que asentem as habilidades posteriores no desenvolvemento lector, cos adultos como intermediarios; a lectura de contos e a presenza de libros nas casas e nas aulas crea un interese que se verá reflectido en idades posteriores.

A selección dos libros que se lles len tamén é importante; teñen que estar cargados de imaxes significativas e ter características de interacción do alumnado co libro, é dicir, que requiran da intervención dos alumnos na súa lectura e interpretación para os primeiros niveis, sendo moi importante a conversa posterior á lectura, para asegurarse da súa comprensión e como medio para favorecer a linguaxe oral. Tamén cómpre que os nenos e nenas interpreten o libro ó seu xeito a partires das imaxes. Así fomentaremos a imaxinación e a creatividade. Cando xa van coñecendo algunhas letras, podemos ir introducindo lecturas moi sinxelas de palabras ou frases, a lectura pola ruta visual do seu nome e o dos seus compañeiros, así como de distintos obxectos ou lugares da aula e do centro.

As actividades que se poden realizar nos primeiros niveis van encamiñadas a consolidar as destrezas e a velocidade lectora. É importante equilibrar as actividades de traballo colectivas grupais e individuais, ademais das sesións de lectura, deben planificarse actividades específicas para cada área curricular para traballar co alumnado a comprensión lectora e as especificidades do vocabulario e da linguaxe.

É necesario planificar as actividades de lectura en tres pasos: antes de ler, durante a lectura e despois da lectura:

- Antes de ler: lectura do título e comentario cos alumnos dos posibles temas do texto.
- Durante a lectura: lectura en voz alta por parte do alumnado de fragmentos de textos, progresivamente máis longos, para que exerciten a entoación e o ritmo axeitados. A partires do segundo nivel pódese ir introducindo a lectura silenciosa do texto, de xeito que o alumnado lea ó seu ritmo e interiorice o contido do texto. Ambos tipos de lectura, oral e silenciosa, son necesarios para traballar e desenvolver a comprensión lectora.
- Despois da lectura pódense realizar actividades de comprensión, a través de preguntas nas que se trate de pescudar o grao de entendemento, memorización ou vocabulario. Tamén é interesante realizar obradoiros de contos nos que se xogue a inventar finais, cambiar elementos do texto ou crear.

Nos niveis intermedios, ademais das actividades antes referidas, deben ir encamiñadas á comprensión lectora e a adquisición de vocabulario específico de cada materia, engadindo exercicios de exercitación da habilidade visual, exposición, reflexión e recomendación para outros lectores. Engadiranse actividades de escritura nas que se traballen diferentes tipos de textos.

Nos niveis máis elevados, as actividades irán encamiñadas a acadar un nivel máis profundo e completo e un manexo máis amplo da escritura a través de distintos tipos de textos, cunha selección de diversos xéneros. Debe haber actividades de traballo individual, grupal e colectivo. Aquí aínda se

afondaría máis no traballo da lectura dentro das áreas curriculares, a busca de información faise máis necesaria. Nas actividades de lectura, atoparemos actividades novas, que axuden a mellorar a entoación, a vocalización desde unha perspectiva interpretativa; e a meditar sobre o lido e analizar a forma de expresión en consecuencia. O alumnado participaría en propostas de animación á lectura pensadas para compañeiros máis pequenos, participaría en obradoiros de prensa e en dramatizacións de textos.

ACTIVIDADES DIRIXIDAS Ó DESENVOLVEMENTO DA COMPRENSIÓN LECTORA DESDE AS DIFERENTES ÁREAS CURRICULARES.

PLAN LECTOR DO DEPTO. DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.

Obxectivos:

- Formación de lectores competentes, autónomos e críticos.
- Enmarcar a lectura dentro do noso proxecto curricular, cunha secuenciación de actuacións ao longo do curso.
- Conseguir unha competencia lectora que facilite a relación autónoma do noso alumnado coa sociedade que o rodea, e lle axude a comprendela.

ACTIVIDADES

Para lograr isto:

- Empregaremos a biblioteca para achegar o alumnado aos libros e crear nel un hábito lector. Para iso reuniremonos unha vez ao trimestre nela e comentaremos as lecturas que previamente escolleron e leron na casa.
- Participaremos activamente no Club de lectura da biblioteca, tanto animando o alumnado a participar, como propoñendo obras de actualidade ou que nos parece poidan ser do interese
- Levaremos á aula as novidades editoriais e daremos a coñecer autores novos e obras potencialmente interesantes para elas e eles.
- Acudirán ó centro escritores para falaren da súa obra, sempre e cando teñamos orzamento.

LECTURAS OBRIGATORIAS:

1º ESO

- | | |
|-----------------|--|
| - 1ª AVALIACIÓN | <i>O neno inverno</i> , María Canosa, Ed. Galaxia |
| - 2ª AVALIACIÓN | <i>Ameaza na Antártida</i> , Ramón Caride, Ed. Xerais |
| - 3ª AVALIACIÓN | <i>Esmeraldina, a pequena defunta</i> de Lédica Costas. Ed. Xerais |

2º ESO

- 1ª AVALIACIÓN A expedición do Pacífico, Marilar Aleixandre, Ed. Xerais.
- 2ª AVALIACIÓN *Cartas de inverno*, Agustín Fernández Paz, Ed. Xerais.
- 3ª AVALIACIÓN O corazón de Xúpiter, Leticia Costas, Ed. Xerais

3º ESO

- 1ª AVALIACIÓN Unha estrela no vento, Leticia Costas, Xerais
- 2ª AVALIACIÓN Aire negro, Agustín Fernández Paz, Ed. Xerais
- 3ª AVALIACIÓN A cabeza de Medusa, Marilar Aleixandre, Ed. Xerais

4º ESO

- 1ª AVALIACIÓN Os nenos da varíola, María Solar, Ed. Galaxia
- 2ª AVALIACIÓN *Cousas*, Castelao, Ed. Galaxia.
- 3ª AVALIACIÓN Memoria do silencio, Eva Mejuto, Xerais

LECTURAS VOLUNTARIAS:

1º ESO:

- *As flores radioactivas*, Agustín Fernández Paz, Xerais
- *Tonecho de Rebordechao*, Breogán Riveiro, Galaxia
- *Prohibido casar, papá*. Fina Casalderrey, Galaxia
- Trece anos de Branca, Agustín Fernández Paz, Xerais
- *Os Megatoxos*, Anxo Fariña, Xerais
- *Xenaro e o misterio da mochila verde*, Mar Guerra, Xerais

2º ESO:

- As meigas de Lupa, María Solar, Xerais.
- *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, Leticia Costas, Ed. Xerais.
- Amor dos quince anos, Marilyn, Agustín Fernández Paz, Xerais

3º ESO:

- Jules Verne e o misterio das mulleres planta, Leticia Costas, Xerais
- Aire negro, Agustín Fernández Paz, Xerais
- Asústate, Merche, Fina Casalderrey, Xerais
- Tres pasos polo misterio, Agustín Fernández Paz, Xerais

4º ESO:

- O inferno de Marta, Pascual Alapont, Xerais.
- Anxos en tempos de chuvia, Miguel Vázquez Freire, Xerais
- Vento Ferido, Carlos Casares, Galaxia
- Chamando ás portas do ceo, Jordi Sierra i Fabra, Rodeira
- Memorias dun neno labrego, Neira Vilas, Galaxia
- A memoria da choiva, Pedro Feijoo, Xerais

Esta lista irase incrementando para adecuarse ao alumnado, aos seus gustos, aos exemplares cos que contemos na biblioteca, ás posíbeis visistas de escritores e ás novidades editoriais

Avaliación

Lectura trimestral.

O alumnado terá que dar conta dunha lectura marcada para cada trimestre que suporá o 10% a nota da avaliación.

Nesta proba amosará os coñecementos que posúe sobre o libro a través de preguntas relacionadas co contido.

Tamén haberá lecturas voluntarias que repercutirán positivamente na nota da avaliación.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

PLAN ANUAL DE LECTURA DO DEPTO. DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Obxectivos:

Formación de lectores competentes, autónomos e críticos

Enmarcar a lectura dentro do noso proxecto curricular, cunha secuenciación de actuacións ao longo do curso.

Conseguir unha competencia lectora que facilite a relación autónoma do noso alumnado coa sociedade que o rodea, e lle axude a comprendela.

Metodoloxía:

Entendemos sempre o libro como unha xanela aberta ao mundo no que se desenvolve o alumnado.

Para traballarmos a Transversalidade, non vemos método mellor: nas nosas lecturas priman sempre os valores da solidariedade, da comprensión do feito diferencial (en toda a súa amplitude), do coitado do medio ambiente...

A lectura vai ser un alicerce fundamental da nosa actividade na aula, principalmente porque buscamos

mellorar esa competencia, e tamén porque queremos conseguir actitudes positivas cara ó galego, cousa que se pode lograr en grande medida a través dunha selección coidada dos textos e actividades motivadores. Para lograr isto:

- Empregaremos a biblioteca habitualmente, sobre todo en primeiro e segundo curso por ser o nivel onde

maiores deficiencias presentan.

- Participamos activamente no Club de lectura da biblioteca, tanto animando o alumnado a participar, como

propondo obras de actualidade ou que nos parece poidan ser do interese.

- Traballaremos con textos sobre todo teatrais e poéticos, maioritariamente actuais, por ser estes xéneros os

menos desenvolvidos no día a día. Faremos lecturas semanais dos mesmos tentando que participe toda a

clase.

- Levaremos á aula as novidades editoriais que consideremos máis interesantes e axeitadas para cada un dos cursos.

- Realizaremos actividades de animación á lectura en relación cos libros seleccionados para ler ó longo do curso.

- Tentarase que poidan acudir ó centro escritores para falaren da súa obra.

- Manteremos o alumnado informado das novidades editoriais e daremos a coñecer autores novos e obras

potencialmente interesantes para elas e eles.

Lecturas obrigatorias trimestrais.

O alumnado terá que dar conta dunha serie de lecturas obrigatorias determinadas para cada curso e para cada trimestre, tal e como se contempla na programación de Lingua Castelá e Literatura (de non ser así, quedará pendente ata a proba extraordinaria do mes de setembro).

Estas lecturas serán un importante instrumento avaliador para moitos dos estándares de aprendizaxe recollidos na devandita programación.

Os alumnos terán que dar conta non só do argumento, senón tamén ser capaces de relacionar a obra cos aspectos estilísticos e literarios correspondentes ó seu curso, coa época na que se desenvolve, coas referencias culturais que aparezan e amosar un dominio do vocabulario aprendido acorde ó nivel educativo no cal se atopa.

Faremos sempre un coloquio sobre a obra, de xeito que vaian xurdindo os distintos pareceres e as vivencias que máis os marcaron.

LECTURAS OBRIGATORIAS:

1º ESO	DAHL, Roald; <u>Matilda</u> .	1ª evaluación
	RODARI, Gianni: <u>Cuentos para jugar</u> .	2ª evaluación
	SEMPRE/GOSCINNY; <u>El pequeño Nicolás</u> .	
	LINDO, Elvira; <u>Manolito Gafotas</u> .	3ª evaluación

2º ESO	DAHL, Roald; <u>Las brujas</u> .	1ª evaluación
	ENDE, Michael; <u>El ponche de los deseos</u> .	2ª evaluación
	BLYTON, Enid; <u>Los cinco y el tesoro de la isla</u> .	3ª evaluación

3º ESO	CONAN DOYLE, Sir Arthur; <u>El sabueso de los Baskerville</u> .	1ª evaluación
	MANRIQUE, Jorge; <u>Coplas a la muerte de su padre</u> .	2ª evaluación
	CHRISTIE, Agatha; <u>Diez negritos</u> .	
	<u>El Lazarillo de Tormes</u> .	3ª evaluación
	ORWELL, George; <u>Rebelión en la granja</u> .	

4º ESO	BÉCQUER, Gustavo Adolfo: <u>Rimas y Leyendas</u> .	1ª evaluación
	LUCA DE TENA, Torcuato: <u>Los renglones torcidos de Dios</u> .	2ª evaluación
	SÉNDER, Ramón J.; <u>Réquiem por un campesino español</u> .	
	DELIBES, Miguel; <u>El camino</u> .	
	CELA, Camilo José; <u>La familia de Pascual Duarte</u> .	3ª evaluación

Lecturas propuestas como complemento da clase de literatura : 3º ESO.

- **Cantar de Mío Cid** (selección).
- **Los Milagros Nuestra Señora** (selección). Gonzalo de Berceo.
- Selección de **textos poéticos** de Fray Luis de León.
- Selección de **textos poéticos** de Garcilaso de la Vega.
- Selección de **textos poéticos** de Luis de Góngora.
- Selección de **textos poéticos** de Francisco de Quevedo.
- Selección de **textos poéticos** de Lope de Vega.
- **Coplas a la Muerte de su Padre**, de Jorge Manrique.
- **El Conde Lucanor** (selección): Don Juan Manuel
- **Libro de Buen Amor (fragmentos)**: Arcipreste de Hita
- **La Celestina (fragmentos)**: Fernando de Rojas
- **El Lazarillo de Tormes**: Anónimo
- **Don Quijote de La Mancha (varios capítulos)**.
- **Fuenteovejuna /La dama boba (fragmentos)**: Félix Lope de Vega
- **La vida es sueño (fragmentos)**: Pedro Calderón de la Barca

Lecturas propuestas como complemento da clase de literatura: 4º ESO.

- **Rimas y Leyendas** (selección): Bécquer
- **Artículos** (selección): Larra
- Selección de **textos poéticos** de José de Espronceda.
- Selección de **textos poéticos** de Rosalía de Castro.
- Selección de **textos poéticos** de Rubén Darío.
- Selección de **textos poéticos** de Antonio Machado
- **Platero y yo** (selección), de Juan Ramón Jiménez.
- **Romancero gitano** (selección), de García Lorca.
- Selección de **textos poéticos** de Rafael Alberti.
- Selección de **textos poéticos** de Miguel Hernández.
- Selección de **textos poéticos** de Dámaso Alonso.
- Selección de **textos poéticos** de León Felipe.

LECTURAS RECOMENDADAS, VOLUNTARIAS E OPCIONAIS:

1º ESO e 2º ESO:

Las lagartijas pasan miedo, de Alejandra Vallejo-Nájera.

El proyecto Lotie, de Jacqueline Wilson.

Los mejores relatos de terror llevados al cine (Antología de Alfaguara).

Rebeldes, de Susan e. Hilton.

Mi planta de naranja lima, de José Mauro de Vasconcelos.

Los moais de Pascua, de Jordi Sierra i Fabra.

Raskundanpelkuf, de Jordi Sierra i Fabra.

Hola, abuelo; querida nieta, de Peter Härtling.

Algo pasa en la librería, de Peter Härtling.

Semillas de cabañas, de Philippe Lechermeier.

La bruja del pan pringao, de Pilar Mateos.

La espada y la rosa, de Antonio Martínez Menchón.

Harry Potter (saga), de J.K. Rowling.

Como la piel del caimán, de Ricardo Gómez.

Percy Jackson, el ladrón del rayo, de Rick Riordan.

Un caracol para Emma, de Albert Roca Orta.

¡Que no cunda el pánico!, de Yak Rivais.

Operación "Fuga de cerebros", de Janice Marriot.

Un amigo en la selva, de Alfredo Gómez Cerdá.

Gente rara, de Ricardo Gómez.

De chico a chica, de Terence Blacker.

El secreto del hombre muerto, de Juan Manuel Gisbert.

Escenarios fantásticos, de Juan Manuel Gisbert.

35 kilos de esperanza, de Anna Gavalda.

Matilda Huesos, de Karen Cushman.

La llamada de la selva, de Jack London.

Colmillo blanco, de Jack London.

El libro misterioso, de Joris Chamblain.

El zoo petrificado, de Joris Chamblain.

El señor de los ladrones, de Cornelia Funke.

Memorias de una vaca, de Bernardo Atxaga.

Diario de Greg, de Jeff Kinney.

El pirata Garrapata, de Juan Muñoz Martín.

Para facilitar o acceso ás lecturas recomendadas, comprobarase que existen exemplares de todas elas na Biblioteca de Centro.

Esta lista irase actualizando para adecuarse ao alumnado, aos seus gustos, aos exemplares cos que contemos na biblioteca, ás posíbeis visitas de escritores e ás novidades editoriais.

3º ESO e 4º ESO:

Las aventuras de Tom Sawyer, de Mark Twain.

La isla del tesoro, de Robert L. Stevenson.

Drácula, de Bram Stoker.

El retrato de Dorian Gray, de Oscar Wilde.

El principito, de Antoine de Saint-Exupery.

La vuelta al mundo en ochenta días, de Julio Verne.

Frankenstein, de Mary Shelley.

Crepúsculo (y la saga), de Stephenie Meyer.

Donde esté mi corazón, de Jordi Sierra i Fabra.

Las chicas de alambre, de Jordi Sierra i Fabra.

El guardián entre el centeno, de J.D. Salinger.

El viejo y el mar, de Ernest Hemingway.

Divergente (y su saga), de Verónica Roth.

Caperucita en Manhattan, de Carmen Martín Gaité.

Crónicas Marcianas, de Ray Bradbury.

Bajo la misma estrella, de John Greene.

Buscando a Alaska, de John Greene.

Mañana será otro día, de Faiza Guène.

Robinson Crusoe, de Daniel Defoe.

Narraciones extraordinarias, de Edgar Allan Poe.

Historias extraordinarias, de Roald Dahl.

Telón, de Agatha Christie.

Matar es fácil, de Agatha Christie.

El asesinato de Roger Ackroyd, de Agatha Christie.

Asesinato en el Orient Express, de Agatha Christie.

Los juegos del hambre (y su saga), de Suzanne Collins.

El coronel no tiene quien le escriba, de Gabriel García Márquez.

Memorias de Idhún, de Laura Gallego.

Cuentos, de Edgar Allan Poe.

El escarabajo de oro, de Edgar Allan Poe.

Ready Player One, de Ernest Cline.

La lección de August, de R. J. Palacio.

Diario, de Ana Frank.

La cúpula, de Stephen King.

Historias fantásticas, de Stephen King.

Para facilitar o acceso ás lecturas recomendadas, comprobarase que existen exemplares de todas elas na Biblioteca de Centro.

Esta lista irase actualizando para adecuarse ao alumnado, aos seus gustos, aos exemplares cos que contemos na biblioteca, ás posíbeis visitas de escritores e ás novidades editoriais.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Miguel Plasencia Gómez

1. OBXECTIVOS

Dende o departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, e tendo en conta o plan lector do centro, levaranse a cabo nos dous ciclos da ESO lecturas diarias dun mínimo de 10 minutos de textos propios da materia de sociais e tamén relacionados coas mesmas.

Deste xeito non só se fomenta a lectura senón que tamén se pretende introducir ao alumnado no coñecemento histórico, xeográfico e artístico, e acadar as competencias básicas a partir dunha lectura comprensiva.

Procúrase que as actividades favorezan a lectura partindo de textos orixinais, onde o alumnado estea en contacto directa coas fontes, da lectura de libros e revistas temáticas, mais tamén de páxinas web especializadas, co que se reforzará o emprego das novas tecnoloxías.

Así, esta lectura diaria dun mínimo de 10 minutos, acompañada da explicación correspondente do profesorado, favorecerá os seguintes obxectivos:

- 1 Desenvolver o Plan anual de lectura do centro por parte do noso departamento.
- 2 Conseguir que o noso alumnado comprenda todo tipo de mensaxes e sexa capaz de elaborar os seus propios textos con coherencia e adecuación.

- 3 Formar lectores competentes de textos de diversa índole: narrativos, descriptivos, instrutivos, publicitarios, expositivos, entre outros... sendo capaces de interpretar claramente o seu contido.
- 4 Desenvolver unha rutina lectora no ámbito das ciencias sociais que permita a creación e consolidación de hábitos de lectura
- 5 Facer que o noso alumnado sexa capaz de ler con espírito crítico calquera tipo de texto histórico ou mensaxe en calquera soporte.
- 6 A comprensión, interpretación e reflexión do contido do texto para a obtención da información necesaria.
- 7 Conseguir unha competencia lectora no ámbito de Xeografía e Historia que facilite a relación autónoma do noso alumnado coa sociedade que o rodea e que lle permita desenvolver as demais competencias básicas.

2. ACTIVIDADES

Co fin de obter éxito na materia de ciencias sociais o alumnado de ESO ten que adquirir hábito de lectura e realizar lectura comprensiva de textos de todo tipo e natureza, nomeadamente de fontes primarias para a investigación histórica, artística e xeográfica, o profesorado do departamento de Xeografía e Historia propón o seguinte plan de actividades:

- 1 En cada sesión de clase dedicárase un mínimo de 10 minutos de lectura de textos propios ou relacionados coa materia, tanto en silencio, coma en voz alta, centrándonos no vocabulario específico do tema que se estea a traballar.
- 2 Ofrécese ao alumnado a posibilidade voluntaria de lectura dun libro proposto polo departamento ao longo do curso escolar. O profesorado avaliará o grao de comprensión e asimilación dos conceptos principais do libro a través dunha proba escrita ao final do curso.
- 3 Nas materia de Xeografía e Historia, sempre que se traballen contidos de historia, prestarase especial interese ás lecturas de libros de ficción histórica ou de novelas nas que o contexto histórico teña un protagonismo especial. Así mesmo, pedirase ao alumnado que desenvolva os seus propios argumentos de ficción histórica, que serán avaliados e considerados na nota da materia.
- 4 A lectura de libros relacionados coa materia será especialmente considerada en calquera actuación específica que se deseñe para alumnado de altas capacidades.
- 5 O departamento de Xeografía e Historia velará porque a Biblioteca conte con exemplares suficientes dos libros recomendados, así como con exemplares soltos doutros libros relevantes para a materia.

6 O profesorado insistirá na práctica de lectura dun conxunto de informacións para que estructuren a súa propia opinión sobre temas polémicos e debatelos cos seus compañeiros.

7 A constante lectura guiará ao alumnado coa idea de aprender a situar os textos no seu contexto histórico e xeográfico, e a selección das ideas principais

3- LECTURAS RECOMENDADAS NA ESO

1º ESO	TÍTULO	AUTOR
	<i>El clan del oso cavernario</i>	Auel, Jean M.
	<i>Os círculos sagrados</i>	Piñeiro, Vicente
	<i>Las aventuras de Ulises</i>	Sutcliff, Rosemary
	<i>Os Barbanzóns</i>	Carreiro, Pepe

2º ESO	TÍTULO	AUTOR
	<i>O segredo de Marco Polo</i>	Castro, Francisco
	<i>A galera de Xelmírez</i>	Paz, Xabier
	<i>Tirante el Blanco contado a los niños</i>	Navarro Durán
	<i>El caballero normando</i>	Morgan Llywelyn
	<i>La catedral del mar</i>	Falcones, Ildefonso

3º ESO	TÍTULO	AUTOR
	<i>Ás de bolboreta</i>	Aneiros, Rosa
	<i>Festina lente</i>	Calveiro, Marcos

	<i>El hambre</i>	Caparrós, Martín
	<i>El caballero normando</i>	Morgan Llywelyn
	<i>Los dueños del paraíso</i>	Martín, Andreu
	<i>E chamáronlle Colón</i>	Sierra y Fabra, Jordi
	<i>O armiño dorme</i>	Neira, Xosé A.
	<i>Rebelión en Nueva Granada</i>	Leantes, Luis

4º ESO	TÍTULO	AUTOR
	<i>Noite de voraces sombras</i>	Fernández Paz, Agustín
	<i>Os nenos da variola</i>	Solar, María
	<i>Maus</i>	Spiegelman
	<i>Persépole</i>	Satrapi, Marjanne
	<i>El tiempo entre costuras</i>	Dueñas, María
	<i>Réquiem por un campesino español</i>	Sénder, Ramón
	<i>O derradeiro dos mohicanos</i>	Cooper, Fenimore
	<i>Tiempos difíciles</i>	Dickens, Charles
	<i>La vuelta al mundo en 80 días</i>	Verne, Jules
	<i>Un saco de canicas</i>	Joffo, Joseph
	<i>Las montañas de la luna</i>	Marín, Francisco M.
	<i>A arpa de Birmania</i>	Takeyama, Michio

	<i>La historia de mi hijo</i>	Gordimer, Nadime
	<i>Lo que esconde tu nombre</i>	Sánchez, Clara

4- AVALIACIÓN

O fomento da lectura é un elemento integrador dentro da nosa materia de aí que a avaliación dela pase a formar parte do bloque que temos na programación didáctica do departamento, relativa a traballo diario e actitude ante a materia.

Por outra banda, ofrécese ao alumnado de cada curso da ESO a posibilidade **voluntaria** dunha lectura dun libro dos propostos polo departamento de Xeografía e Historia. Se algún dos nosos alumnos/as deciden ler un libro escollido, serán obxecto dunha proba escrita onde se avaliará a realidade e a comprensión do libro lido. O seu resultado será incorporado de forma sumativa á nota final do curso escolar, que a continuación detallamos. O alumnado que non supere a proba sobre o libro de lectura non terá recompensa cualitativa de ningún tipo e quedará coa nota final que obtivo ao longo do curso escolar.

Nota da proba escrita de lectura mais a súa equivalencia:

NOTAS	EQUIVALENCIA
9-10	0,25 pts
8-9	0,2 pts
7-8	0,15 pts
6-7	0,1 pts
5-6	0,05 pts

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

OBXECTIVOS.

- Desenvolver o PLAN ANUAL DE LECTURA DE CENTRO
- Conseguir que o noso alumnado comprenda todo tipo de mensaxes e sexa capaz de elaborar os seus propios textos con coherencia e adecuación.
- Formación de lectores competentes de textos de diversa índole: narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, dialogados, instrutivos, xornalísticos, publicitarios..., sendo capaces de interpretar claramente o seu contido.
- Facilitar ao alumnado a lectura crítica de imaxes e contidos de páxinas web.
- Fomentar a práctica habitual e diaria da lectura e a escritura en todo tipo de soportes, o que implica unha mellora na comprensión e na expresión tanto oral como escrita do alumnado.
- Facer que o noso alumnado sexa capaz de ler con espírito crítico calquera tipo de texto ou mensaxe en calquera soporte.
- Desenvolver unha rutina lectora de centro que permita a creación e consolidación de hábitos de lectura.
- Enmarcar a lectura dentro do proxecto curricular, cunha secuenciación de actuacións ao longo do curso.
- Favorecer a autoaprendizaxe.
- Conseguir unha competencia lectora que facilite a relación autónoma do noso alumnado coa sociedade que o rodea e que lle permita desenvolver as demais competencias básicas.

O departamento de inglés contribuirá ao fomento das actividades lectoras entre o alumnado do centro por medio de:

A)- LIBROS DE LECTURA OBRIGATORIA en todos os niveis da E.S.O.:

Haberá un libro de lectura obrigatoria para cada nivel que o departamento fixará cada mes de xuño. Este libro de lectura será obxecto de diversas actividades e probas que o alumno deberá facer durante ou ao finalizar a lectura do mesmo. Por medio da lectura deste libro e as actividades relacionadas co mesmo desenrolaremos habilidades nos alumnos como: utilizar os dicionarios dun xeito racional , facer resumes sobre o que van lendo, aumentar o seu coñecemento de vocabulario, ler textos e distinguir o fundamental do secundario, expresar opinións sobre o mesmo,etc.

No presente curso 2019-20 serán os seguintes:

1º ESO: “The Three Musketeers”

2º ESO: “The Last of the Mohicans”

3º ESO: “Romeo and Juliet”

4º ESO: "Dracula”

B)- LIBROS DE LECTURA OPCIONAL:

Este departamento tratará de que os alumnos identifiquen a lectura como unha forma de ocio e fonte de pracer. Para isto, o profesor da materia informará os alumnos da existencia de varios libros de lectura en lingua inglesa , sobre diferentes temas e niveis, que teñen a súa disposición na biblioteca de aula e na biblioteca do centro . A lectura destes libros será voluntaria e contará para subir a nota final de avaliación.

Das sete competencias clave contempladas na LOMCE podemos destacar a contribución da nosa materia cunha incidencia maior nalgunhas delas:

- Comunicación lingüística

A lectura silenciosa e comprensiva levada a cabo como instrumento de comunicación senta as bases lingüísticas internas dun idioma de xeito implícito. Desta maneira, os alumnos integran dun modo subxacente elementos gramaticais, léxicos, fonéticos e sintácticos que conforman a lingua que, dende unha perspectiva de “*skopos*” (finalidade), constitúen o código necesario para acadar a meta final: a comunicación e o entendemento.

- Competencia cultural e artística

Tendo en conta que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira é inseparable do estudo e coñecemento da cultura que a rodea e condiciona; resulta imprescindible desenvolver esta competencia simultaneamente coas demais competencias, dun xeito equilibrado. Así, as ensinanzas serán realistas e acordes coas necesidades educativas, aprender un idioma estranxeiro é aprender a coñecer a outras persoas, coas súas tradición, os seus costumes e a súa forma de vida e de pensar que tanto incide no seu comportamento, forma de razoar ou que estrutura o seu propio código de comunicación.

- Competencia de aprender a aprender

A finalidade destas premisas non é outra que a de conseguir que os nosos alumnos desenvolvan mecanismos de traballo e aprendizaxe que os leve á práctica dun traballo autónomo (tamén entra en xogo a competencia da autonomía e iniciativa persoal). De feito, o cometido destas medidas a prol da sistematización de hábitos de lectura abocan á busca de independencia na aprendizaxe.

PLAN ANUAL DE LECTURA. FRANCÉS

Na formación intelectual e humana de todo ser humano, a lectura desempeña un papel moi importante. Lendo, os alumnos amplían o seu coñecemento da lingua. Como materia lingüística que é o francés, procederemos ao longo do curso á lectura de diversos textos relacionados coa cultura francófono. A finalidade será non só que o alumnado lea e realice unha lectura comprensiva dos textos, senón que aumente a súa curiosidade e o seu interese por ampliar coñecementos sobre Francia e a Francofonía.

OBXECTIVOS

Desde o noso departamento propoñémonos os seguintes obxectivos:

- Fomentar entre o alumnado o gusto pola lectura como fonte de información, lecer e enriquecemento persoal.
- Desenvolver no alumnado o hábito lector.
- Mellorar a súa comprensión escrita.
- Estimular a escritura como medio de expresión persoal.

ACTIVIDADES

En 1º de ESO os alumnos comezan a estudar francés de cero e non teñen suficiente nivel para ler un libro integramente en francés desde o comezo de curso. Por iso, ao principio adoitamos empregar os textos que aparecen no manual escollido, que xa están adecuados ao seu nivel de comprensión da lingua e poden ser empregados como punto de partida. Posteriormente, e vendo a progresión do alumnado, trataremos de ler libros que presenten un vocabulario sinxelo para facilitar a comprensión.

En 2º empregaremos a biblioteca para achegar o alumnado aos libros e crear nel un hábito lector. Para iso reuniremonos unha vez ao trimestre nela e leremos as lecturas que se propoñen.

LECTURAS

1º ESO

- Pinocchio
- Blanche-Neige
- Boucle d'or

2º ESO

- Un voyage de reve en France de Béatrice Job
- *Le grand gros navet*. A de Ruth Hobar et Christine Durand.
- *Dorothée*. Adaptation de Christine Durand.

AVALIACIÓN

A lectura e a comprensión destes libros amosará un bo coñecemento da lingua polo que será tido en conta á hora de avaliar ao alumnado, repercutindo positivamente na cualificación final.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA

Obxectivos:

- Fomentar o uso da lectura na metodoloxía da práctica docente.
- Aumentar a competencia lectora
- Situar a lectura dentro do proxecto curricular
- Conexionar a bioloxía con episodios da vida cotiá
- Promover o emprego das TIC a través de actividades de lectura
- Apoiar a adquisición das competencias básicas
- Empregar a lectura como fonte de enriquecemento persoal
- Aumentar a capacidade de investigar e aprender de forma propia
- Acadar unha velocidade e comprensión axeitadas ao curso
- Empregar a lectura como medio para ampliar o vocabulario
- Apreciar o valor de textos literarios
- Incrementar o vocabulario xeral e específico (Bioloxía)

Avaliación:

Todos os traballos presentados dentro do marco do plan lector, están contemplados nos criterios de cualificación da programación didáctica e serán avaliados os seguintes aspectos:

- Lectura dirixida en voz alta

- Cumplimentación de ficha de lectura
- Participación en debates
- Entrega de traballo resumo do libro.

1º ESO - BIOLOXÍA

Se levará a cabo a lectura dun libro ao longo do curso. A lectura será dirixida na clase durante 20 minutos semanais.

Libro proposto:

- *Os dados do reloxeiro*. Autor: Xurxo Mariño Alfonso

3º ESO - BIOLOXÍA

Se levará a cabo a lectura dun libro ao longo do curso. A lectura se desenvolverá na casa e se comentarán en clase os distintos capítulos.

Se avaliará a través dun pequeno traballo de investigación.

Libro proposto:

- *Una breve historia de casi todo*. Autor: Bill Bryson.

4º ESO - BIOLOXÍA

Se levará a cabo a lectura de artigos periodísticos e de divulgación científica ao longo do curso. A lectura se desenvolverá na aula e se comentarán en clase os distintos artigos.

Se avaliará a través dun pequeno traballo de investigación.

4º ESO - CULTURA CIENTÍFICA

Se levará a cabo a lectura dun libro ao longo do curso. A lectura se desenvolverá na casa e se comentarán en clase os distintos capítulos.

Se avaliará a través dun pequeno traballo que se expoñerá ao resto do alumnado de secundaria.

Libro proposto: *Terra*. Autor: Xurxo Mariño Alfonso

PLAN ANUAL DE LECTURA DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Ca aportación do noso departamento ao plan anual de lectura do CPI Virxe dos Remedios pretendemos acadar unha mellora na consecución das competencias clave do alumnado, especialmente na competencia en comunicación lingüística, e tamén noutras como a competencia dixital, conciencia e expresións culturais, aprender a aprender e matemática.

Obxectivos:

- Elevar os índices de lectura do noso alumnado.
- Traballar, prioritariamente, con libros e outros materiais que teñan relación directa coas matemáticas.
- Efectuar investigacións, debates e informes a partir das lecturas realizadas mesmo procurando relacións con temas diferentes aos que están establecidos no currículo.
- Fomentar, a partir das actividades de lectura, actividades de escritura e de exposición oral.
- Poñer de manifesto conexións das matemáticas con outras parcelas da ciencia e da cultura e con diferentes episodios da vida cotiá.
- Promover a utilización das TIC en relación coas actividades de lectura.
- Ampliar os fondos da biblioteca con recursos destinados a acadar os nosos fins



Actividades e avaliación:


As actividades a realizar para fomentar a lectura dende o departamento de matemáticas consistirán na lectura conxunta, nunha sesión semanal de 30 minutos (preferiblemente nas clases que teñen pola tarde), dun libro de temática matemática para cada trimestre, libros elixidos tendo en conta a idoneidade dos mesmos con respecto a idade do alumnado de cada grupo..

Ao rematar cada un dos libros proporase a entrega voluntaria dun traballo/resumo de dito libro que repercutirá positivamente (un 5% da nota de avaliación ven dada pola actitude cara a materia, e o feito de entregar este pequeno traballo xa denota unha actitude positiva) na nota da materia de matemáticas da avaliación correspondente.

O alumnado ten a obriga nesa sesión semanal de ler fragmentos do libro correspondente a esa avaliación, pero tamén pode, voluntariamente, continuar esta lectura na casa, facilitando así o remate do libro, para a entrega do resumo.

Os libros elixidos para cada grupo en cada unha das tres avaliacións son os seguintes:

CURSO	AVALIACIÓN	LIBRO	TÍTULO/AUTOR/A
1º ESO	Primeira		<i>La sorpresa de los números</i> Autora: Anna Cerasoli
	Segunda		<i>Los diez magníficos</i> Autora: Anna Cerasoli
	Terceira		<i>El diablo de los números</i> Autor: Hans Magnus Enzensberger
2º ESO	Primeira		<i>Malditas matemáticas</i> Autor: Carlo Frabetti
	Segunda		<i>El asesinato del profesor de matemáticas</i> Autor: Jordi Sierra i Fabra

	Terceira		<i>La fórmula preferida del profesor</i> Autor: Yoko Ogawa
3º ESO	Primeira		<i>El contable hindú</i> Autor: David Leavitt
	Segunda		Planilandia Autor: Edwin A. Abbott
	Terceira		<i>El tío Petros y la conjetura de Goldbach</i> Autor: Apóstolos Doxiadis
4º ESO	Primeira		<i>El ocho</i> Autor: Katherine Neville

	Segunda		<i>El asesinato de Pitágoras</i> Autor: Marcos Chicot
	Terceira		<i>La incógnita Newton</i> Autora: Catherine Shaw

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE EPV

1.-OBXECTIVOS

- Fomentar a imaxinación de sucesos e lugares non reais e verosímiles
- Adquirir o hábito de contar e escoitar historias cunha estrutura clara e coherente
- Enriquecer o vocabulario e a expresión
- Entender a comunicación verbal ou escrita como un medio máis de expresión, que poder mixturarse e interactuar con outras linguaxes (plástica ou musical) para enriquecerse recíprocamente.

2.-ESTRATEGIAS

O departamento de EPVeA contribuirá ao desenvolvemento das destrezas lectoras do alumnado mediante dúas estratexias complementarias que denominamos xeral e específica.

2.1.-ESTRATEGIA XERAL

Hai que entender a materia de Educación Plástica como aproximación a unha linguaxe diferente, a linguaxe das imaxes, que ten os seus propios códigos e signos. Esta linguaxe en moitas ocasións acompaña e complementa á linguaxe oral e escrita. Por isto, as accións previstas para o fomento da lectura dentro da área de plástica empezan pola utilización desta destreza instrumental na propia aula.

Ademais un dos obxectivos específicos desta materia para todos os niveis é “Adquirir e familiarizarse coa terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual”. Para lograr isto é imprescindible a lectura comprensiva de libros de arte e outros textos, a interpretación de imaxes e a expresión escrita.

2.2.-ESTRATEGIA ESPECÍFICA

- Colaboración con outros departamentos e equipos do centro para a realización de proxectos conxuntos como ilustración de textos literarios, carteis ou portadas de libros, cómics desenvolvendo unha historia ou argumento, elaboración dos decorados das obras de teatro, elaboración de carteis, murais, etc
- redaccións explicativas de obras plásticas propias
- exposicións orais sobre informacións que amplían coñecementos en cada tema
- lectura de fragmentos literarios relacionados coas unidades didácticas
- análise de mensaxes publicitarios
- inventar unha historia a partir dunha obra de arte
- realización de caligramas e caligrafías artísticas
- debuxar as persoaxes e diseñar a escenografía para calqueira “escea” tal e como a imaxine o alumno despois da lectura dun libro

CONTRIBUCIÓN AL PLAN LECTOR DESDE LA MATERIA DE EF

Con el fin de facilitar la consecución de los objetivos que la Ley actual de Educación y el Decreto autonómico señalan para las etapas de educación secundaria obligatoria, se incluyen desde el CPI actividades que ayuden al fomento de la lectura y la escritura y en consecuencia, a la consecución y adquisición de las competencias. Dichas actuaciones se articulan a través del proyecto lector del centro en la que han de participar los profesores de las distintas áreas.

En concreto, **la materia de EF contribuye** a través de:

- **Artículos deportivos y textos:** Que ayuden a la comprensión de determinados contenidos y conceptos de la materia, como el reglamento de un determinado deporte.
- **Lectura de libros físicos:** Partiendo de las motivaciones y de los intereses del alumnado, y que permitan el desarrollo de un hábito lector, se proponen lecturas que complementen la información

aportada durante el curso. Los contenidos de las lecturas están relacionados fundamentalmente con el deporte, la alimentación en la edad escolar, hábitos que fomentan un estilo de vida saludable (sueño, higiene postural...), consecuencias de hábitos no saludables (tabaquismo, consumo de alcohol, bebidas azucaradas...), etc.

La **evaluación de los avances y progresos del alumnado**, así como la evaluación de la **contribución al Plan Lector**, será trimestral a partir de las lecturas recomendadas, y a través de un cuestionario de 5 elementos con un apartado de propuestas de mejora.

Desde la **materia de Educación física** se considera que uno de los objetivos generales es la formación integral de las personas que forman parte de la comunidad educativa que nos rodea: familiares, profesorado, sociedad cercana y, por encima de todo, el alumnado. Se pretende una EF integral y catalizadora del proceso de desarrollo integral del individuo. Por todo ello, es fundamental la integración dentro de ella facetas educativas que consideramos transversales dentro del proceso general de formación a lo largo de toda la vida, o dicho de otra manera más simple: actividades clave para la promoción de las personas. **La lectura como hábito, modalidad de ocio, sana costumbre**, etc., es una excelente actividad educativa que debería promocionarse desde todas las vertientes, y lo que resulta más complicado, relacionarse con todas ellas. A continuación se presenta el catálogo de lecturas recomendadas. Está compuesto por las referencias a unas cuantas obras (novelas, relatos y algún ensayo), que están basadas o muy directamente relacionadas con el deporte, alguna de sus modalidades o la propia Educación Física.


IRONMAN	
AUTOR: CHRIS CRUTCHER	ISBN: 9788420449005
EDITORIAL ALFAGUARA	
SINOPSIS: la vida de un chico que detesta la autoridad de los adultos y que se prepara para convertirse en un gran triatleta.	

LA CARRERA DEL SOL	
AUTOR: TXANI RGUEZ, NACHO FDEZ, VERÓNICA ROSADO	ISBN: 9788495225771
EDITORIAL ANAYA	
SINOPSIS: la madre de Manuel ha abierto un hotel ecológico a las afueras de Darwin, donde se ha trasladado toda la familia. Entre los huéspedes destaca el doctor Fast, un científico que ha diseñado un coche solar y que está decidido a participar en una singular carrera. Manuel conocerá a nuevos compañeros de aventuras y juegos que le acompañarán en esta etapa de su vida que despertará en él una profunda conciencia ecológica.	

TROTÓN MI PERRO	
AUTOR: BEVERLY CLEARY	ISBN: 9788423990177
EDITORIAL ESPASA CALPE	
SINOPSIS: en una pequeña ciudad de Estados Unidos vive Leigh Botts, un joven de catorce años. Sus padres se han divorciado y su madre ahora es la encargada de sacar adelante a la familia, simultaneando el trabajo con los estudios. Todo esto hace que a veces Leigh se sienta solo. En la misma ciudad un perro abandonado espera su dueño. El perro y el joven Leigh son los protagonistas de este cálido y conmovedor relato sobre la amistad y la responsabilidad.	

VÉRTIGO	
AUTOR: EMILIO CALDERÓN	ISBN: 9788420700311
EDITORIAL ANAYA	
SINOPSIS: Víctor Menchaca vive en un barrio marginal de una gran ciudad, donde los jóvenes conviven con la pobreza, la delincuencia y la droga. Víctor no es una excepción: muy pronto se convierte en camello y cae en la adicción a la heroína. Pero un día se topa con dos personas que darán un giro a su vida.	

UN TIPO LEGAL	
AUTOR: GUY LAGORCE	ISBN: 9788434888555
EDICIONES SM	
SINOPSIS: Antoine vive con su madre en un barrio conflictivo de las afueras de París. A sus quince años, se busca la vida participando en robos de cierto riesgo, de los que siempre sale sin problemas. Pero Antoine es un chico listo y sabe que no debe desaprovechar la oportunidad que le dan para abandonar ese mundo al filo de la navaja. La posibilidad de ir a un buen colegio y pasar unas vacaciones en el pueblo de sus abuelos le pueden convertir en alguien distinto.	

EL ORO DE LOS DIOSES	
AUTOR: JORDI SIERRA I FABRA	ISBN: 9788408096436
EDITORIAL PLANETA	
SINOPSIS: la lucha por llegar a lo más alto en el deporte. Marc solo tiene diecisiete años y hace ya unos cuantos que se entrena para ser corredor profesional y llegar a practicar en los Juegos Olímpicos, igual que hizo su padre hace veinticinco años. El padre de Marc estuvo a una centésima de conseguir el oro. Veinticinco años más tarde, sale a la luz la noticia de que en esa competición muchos participantes subieron al podio gracias al dopaje.	

LOS VAMPIROS NO CREEN EN FLANAGANS



AUTOR: ANDREU MARTÍN, JAUME RIBERA

ISBN: 9788466716482

EDITORIAL ANAYA

SINOPSIS: Flanagan no cree en vampiros, al menos cuando luce el sol. Lo que pensaba que serían unas plácidas vacaciones de fin de año en la nieve, se convierte en una sucesión de sustos, situaciones peligrosas y personajes enigmáticos. Un asesino convicto y presunto vampiro escapado de la cárcel, un escritor plagiarista, un tataranieta de vampiro legendario, una chica guapísima que no dice todo lo que sabe, un peligroso gángster de pueblo,.. todos se mueven en un escenario de montañas nevadas y cubiertas de bruma. Mientras tanto Flanagan trata de resolver el misterio más desconcertante al que se haya enfrentado.

UN LOTO EN LA NIEVE



AUTOR: GONZALO MOURE

ISBN: 9788426352170

EDITORIAL EDELVIVES

SINOPSIS: Marcos, un chico al que su padre está iniciando en la escalada, salva la vida de un alpinista en los Picos de Europa; pero el vínculo entre ambos había nacido años atrás en las misteriosas regiones espirituales del Tibet. A través de los recuerdos de Von Arx, revivimos su primera visita al país de las nieves, ya bajo dominación china y, sobre todo, nos adentra en la vida de Kangseng, un pequeño Khampa tan fuerte y sólido como un loto en la nieve.

EVALUACIÓN TRIMESTRAL DEL PLAN LECTOR	VALORACIÓN			
Las lecturas propuestas se adecúan a la capacidad del alumnado	1	2	3	4
Facilitan la adquisición de aprendizajes en un alto por- centaje	1	2	3	4
Son variadas, motivantes y de fácil accesibilidad	1	2	3	4
El alumnado ve los resultados positivos de su dedica- ción en ellas	1	2	3	4
Contribuyen a la comprensión lectora del alumnado y a su expresión oral	1	2	3	4
PROPUESTAS DE MEJORA				

PLAN LECTOR TECNOLOXÍA.

A diario xorden novas noticias relacionadas coa Tecnoloxía. O medio de difusión elixido en xeral é Internet, debido principalmente á inmediatez e ampla difusión que as mesmas teñen a través dela. Ao mesmo tempo, a didáctica das materias desta área está a dirixirse cada vez máis ao uso de equipos conectados a Internet, polo que será esta a principal ferramenta á hora de poñer en práctica o plan lector do centro. Será principalmente por este medio polo que os alumnos/as adquiran novas destrezas á hora de ampliar o seu vocabulario ou melloren a súa capacidade de comprensión.

Buscarase principalmente o ampliar o vocabulario do alumnado cos diferentes termos tecnolóxicos que vaian aparecendo. Estes termos, polo xeral, farán referencia ás novas tecnoloxías da comunicación, redes sociais, novos hábitos de comportamento a través da rede, novos dispositivos electrónicos...

Ao mesmo tempo, outro campo en continuo desenvolvemento na área de Tecnoloxía é a programación, onde con algoritmos preténdese resolver diferentes problemas expostos a través de enunciados con certa complexidade na súa comprensión. Pois ben, estes algoritmos son programados con pseudocódigos que conteñen a súa propia linguaxe, e nos que o alumno/a ten que facer un esforzo para, primeiro comprendelos e logo aplicalos. Será por tanto practicar nunha lectura comprensiva co obxectivo de que cada vez o alumno/a sexa capaz de extraer a información relevante dunha forma máis eficiente.

PLAN LECTOR FÍSICA E QUÍMICA

Un dos grandes problemas atopados no alumnado de Física e Química e, por extensión, en todas as materias científicas, é a de que lles custa moito entender os textos científicos.

Desde este departamento pretendemos que se cumpran os seguintes **obxectivos** para o noso alumnado:

- Ler de maneira comprensiva textos científicos de Física e Química acordes co nivel de ensino onde se atopa.
- Mellorar a capacidade de lectura e escritura dos alumnos e alumnas, así como a súa capacidade de comprensión dos textos.
- Elaborar resumos de textos científicos sinxelos extraendo a idea principal dos mesmos.
- Adquirir unha linguaxe científica o máis clara posible, sendo capaz de incorporala á súa linguaxe habitual.

- Promover entre o alumnado a lectura sen prexuízos, sen medo ao ridículo, participando e preguntando o que non se entenda.
- Fomentar o gusto pola lectura.

Actividades

Para cumprir con estes obxectivos propoñemos unha serie de actividades que desenvolveremos durante todo o curso académico. Estas actividades son as seguintes:

- No inicio do curso dedicaremos unha sesión lectiva á lectura, en voz alta, dun texto científico sobre Física e Química. O texto empregado pódese coller tanto dun libro de divulgación científica como de xornais, revistas, etc.
- Ao longo do curso, e despois de cada tema, dedicarase un tempo á lectura dun texto que teña relación co tema tratado.


Da lectura dos textos anteriormente citados deben desenvolverse os traballos seguintes:

- Elaborar un resumo do texto onde quede claro o tema que se trata, así como a idea principal do texto.
- Facer un glosario de termos científicos encontrados no texto e que requiran dunha mellor comprensión. Valorarase a utilización do dicionario, así como recorrer a outras fontes de información para entender ditos termos.
- Elaborar unha liña do tempo cos acontecementos descritos en cada texto.

Libros:

2º ESO: “Maldita física” de Carlo Fabretti

ISBN: 9788467553154




3º ESO: "La puerta de los tres cerrojos" de Sonia Fernández-Vidal

ISBN: 9788408182542



4º ESO: "Quantic Love" de Sonia Fernández-Vidal

ISBN: 9788408204428



Avaliación

Todos os traballos presentados dentro do marco do plan lector, están contemplados nos criterios de cualificación da programación didáctica e serán avaliados os seguintes aspectos:

- Cumplimentación da ficha de lectura
- Participación en debates
- Entrega de traballo resumo do libro.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA

1.-OBXECTIVOS

- Aumentar a competencia lectora
- Empregar a lectura como fonte de enriquecemento persoal
- Aumentar a capacidade de investigar e aprender de forma propia
- Acadar unha velocidade e comprensión axeitadas ao curso
- Empregar a lectura como medio para ampliar o vocabulario
- Apreciar o valor de textos literarios
- Incrementar o vocabulario xeral e específico (Música)
- enriquecer o vocabulario e a expresión
- entender a comunicación verbal ou escrita como un medio máis de expresión, que poder mixturarse e interactuar con outras linguaxes (como a musical) para enriquecerse recíprocamente.

2.-ESTRATEGIAS

O departamento de Música contribuirá ao desenvolvemento das destrezas lectoras do alumnado mediante dúas estratexias complementarias que denominamos xeral e específica.

2.1.-ESTRATEGIA XERAL

Hai que entender a materia de Música como aproximación a unha linguaxe diferente, a linguaxe dos sons, que ten os seus propios códigos e signos. Esta linguaxe en moitas ocasións acompaña e complementa á linguaxe oral e escrita. Por isto, as accións previstas para o fomento da lectura dentro da área de música empezan pola utilización desta destreza instrumental na propia aula.

Ademais un dos obxectivos específicos desta materia para todos os niveis é “Adquirir e familiarizarse coa terminoloxía específica da linguaxe musical”. Para lograr isto é imprescindible a lectura comprensiva de libros de música e outros textos, a interpretación de partituras e a expresión escrita.

2.2.-ESTRATEGIA ESPECÍFICA

- redaccións explicativas de obras musicais
- exposicións orais sobre informacións que amplían coñecementos en cada tema
- lectura de fragmentos literarios relacionados coas unidades didácticas. A aula de música disporá dunha selección de textos de diverso xénero (ensaio, novela, dramatizado) vencellado coa materia dos diferentes niveis.